XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Asesoría Xurídica Xeral

XUNTA DE GALICIA
ASESORÍA XURÍDICA XERAL
22 XAN. 2013
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 303

Remito informe sobre o Anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2013

O director xeral

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
SECRETARIA XERAL TÉCNICA
22 XAN. 2013
ENTRADA
Nº 520

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
ASESORÍA XURÍDICA

Manuel Pillado Quintáns

SRA. SECRETARIA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA

INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE DIETISTAS-NUTRICIONISTAS DE GALICIA

I.- ANTECEDENTES

Pola secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza solicítase informe sobre o Anteproxecto de Lei de referencia.

Cómpre sinalar que con data do 16 de abril de 2012 esta Asesoría Xurídica emitiu informe sobre unha primeira versión do texto. A documentación remitida para a emisión dese primeiro informe cinguiuse ao texto do anteproxecto, á solicitude do presidente da Asociación Galega de Dietistas-Nutricionistas, ao requirimento de documentación complementaria, á documentación remitida en cumprimento do devandito requirimento, á memoria xustificativa do anteproxecto así como á copia da publicación no DOG da resolución pola que se fixo pública a presentación da solicitude. Como se indicará con posterioridade, xunto coa petición deste informe achégase máis documentación que a citada anteriormente, así como unha nova versión do texto do anteproxecto.

II.- OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Primeira.- Competencia

A competencia para a emisión deste informe establécese no artigo 8.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia e no artigo 11.1.a) do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Segunda.- Procedemento

O procedemento de elaboración do anteproxecto iniciouse despois da entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Se ben o devandito texto legal regula, nos seus artigos 40 e seguintes, o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, non disciplina o procedemento de elaboración de proxectos de lei.

O procedemento de elaboración de proxectos de lei recóllese de maneira dispersa en varios textos normativos.

Así, debe partirse, en primeiro lugar, do disposto nos artigos 6, 8 e 16 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

Conforme ao artigo 6:

> *"1. A elaboración de disposicións de carácter xeral e de anteproxectos de Lei será iniciada polo Centro directivo correspondente, cos estudos e informes previos que garantan a legalidade, acerto e oportunidade daqueles.*
>
> *2. No oportuno expediente de elaboración conservaranse, xunto coa moción, providencia ou proposta de quen teña a iniciativa, da disposición de que se trate, os ditames e as consultas evacuados, as observacións e emendas que se formulen e cantos datos e documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da mesma ou poidan facilitar a súa interpretación.*
>
> *3. Non poderá formularse ningunha proposta de nova disposición sen acompañar ao proxecto a táboa de vixencias de disposicións anteriores sobre a mesma materia e sen que na nova disposición se consignen expresamente as anteriores que han de quedar total ou parcialmente derrogadas."*

De acordo co artigo 8:

> *"1.- Os anteproxectos de leis deberán remitirse a todas as Consellerías con dez días de antelación á reunión da Comisión de Secretarios Xerais, debendo acompañar co anteproxecto o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e aqueloutros que en cada caso sexan preceptivos."*

E de acordo co artigo 16:

> *"Os anteproxectos de Lei sometidos á Xunta de Galicia irán acompañados dunha exposición de motivos, na que se expresarán sucintamente os que deron orixe á súa elaboración e a finalidade perseguida pola norma. Figurarán como anexos, cando proceda, a relación de disposicións derrogadas ou modificadas e o correspondente estudo económico e financeiro."*

Conforme á Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, resulta necesaria a elaboración dunha memoria económica financeira e dun informe da Dirección Xeral de Orzamentos. Así, dispón o seu artigo 12:

> *"Un.-A formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans ou programas de actuación de contido económico-financeiro, requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financeira que avalíe axeitadamente os custes que esas propostas poidan representar e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivar un incremento do gasto público.*
>
> *Dous.-O contido mínimo da memoria económico-financeira será establecido por orde da Consellería de Facenda.*

Tres.-Antes de proceder á súa tramitación, a iniciativa lexislativa, a norma de rango regulamentario e os plans ou programas de actuación, acompañados da correspondente memoria económico-financeira, deberán remitirse á Consellería de Facenda ao obxecto de que a Dirección Xeral de Orzamentos proceda a emitir informe de carácter preceptivo que determine os seus efectos sobre o gasto."

Cómpre indicar que en cumprimento do previsto no apartado dous do precepto transcrito ditouse a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación.

Ademais e conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes é preceptivo o informe sobre impacto de xénero.

Xunto a estas disposicións de aplicación xeral será precisa a observancia, segundo cal sexa á materia concreta obxecto de regulación, do disposto noutros textos normativos como serían o artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello Económico e Social (no caso de anteproxectos de Lei sobre materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, correspondendo inicialmente á consellería ou ao departamento competente para elaborar ou tramitar o anteproxecto de lei o axuizamento sobre se este versa ou non sobre tales materias, debendo ter presente neste punto o disposto no Acordo do Consello da Xunta do 18 de febreiro de 1999) ou o artigo 7.1 da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia (en relación cos anteproxectos de lei que afecten á competencia ou poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados) ou, para o ámbito concreto dos colexios profesionais, os artigos 9.o) e 26.h) da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o exposto, e á vista da documentación achegada pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cómpre indicar o seguinte:

- Achégase a solicitude de creación do colexio presentada por don José Antonio López, en calidade de presidente da Asociación Galega de Dietistas-Nutricionistas.
- A diferenza da documentación remitida coa petición do anterior informe, non se achega xunto coa petición de informe que nos ocupa a memoria xustificativa. En relación con este documento cómpre recordar que a súa función é a de xustificar a nova norma considerando e razoando todos os aspectos relevantes desta, empezando pola propia necesidade (indicando as razóns polas que debe ditarse a norma, a finalidade desta e cal debe ser o seu contido para acadala), a súa oportunidade, a viabilidade xurídica (precisando o marco competencial e normativo no que se insira e as disposicións que se

verán afectadas) e especificando, así mesmo, as innovacións que contén. Sobre o contido da devandita memoria volveremos máis adiante.

- Non se achega a memoria económico-financeira nin a táboa de vixencias.
- Achégase copia do requirimento de achega de documentación complementaria e da documentación remitida en cumprimento do devandito requirimento.
- Remítese copia da publicación no DOG da resolución pola que se fai pública a presentación ,da solicitude de creación do colexio e do certificado sobre a falta de presentación de alegacións.
- Achégase o primeiro borrador do texto do anteproxecto.
- Achégase copia da documentación acreditativa da remisión do texto do anteproxecto ás consellerías, aos colexios oficiais de farmacéuticos de Lugo, A Coruña, Ourense e Pontevedra e ao Consello Galego de Colexios Médicos así como da solicitude de informe á Secretaría Xeral de Igualdade, á Dirección Xeral de Orzamentos, á Asesoría Xurídica Xeral e ao Consello Galego da Competencia.
- Remítese copia das alegacións formuladas polo Colexio Oficial de Médicos de Ourense, da resposta das Consellerías de Sanidade e do Medio Rural e do Mar, dos informes da Secretaría Xeral da Igualdade, da Dirección Xeral de Orzamentos, do Consello Galego da Competencia e da Asesoría Xurídica Xeral.
- Achégase copia das alegacións presentadas por don José Antonio López Gómez, na calidade de Presidente da Asociación Galega de Dietistas-Nutricionistas.
- Remítese copia da solicitude de informe á Consellería de Sanidade e unha copia do devandito informe.
- Achégase o segundo borrador do texto do anteproxecto.

Terceira.- Marco competencial e normativo

O Anteproxecto de Lei que nos ocupa ten por obxecto a creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Sen prexuízo de remitirnos ao sinalado no informe desta Asesoría Xurídica do 16 de abril de 2012, á vista da nova versión remitida así como da documentación que se achega xunto coa petición de informe, cómpre ampliar o disposto nel cunha serie de consideracións, advertindo que este informe versa sobre cuestións de legalidade e de técnica normativa e enténdese sen prexuízo do contido dos informes e ditames que, no ámbito das súas respectivas competencias, sexan emitidos durante a tramitación do anteproxecto, por outros órganos.

O artigo 36 da Constitución establece que *"a Lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e o exercicio das profesións tituladas. A estrutura interna e o funcionamento dos Colexios deberán ser democráticos."*

O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza núm. 20/1988, do 18 de febreiro, sinalou en relación co devandito precepto:

> *"(...) o art. 36 da Constitución non pode ser entendido como norma atributiva de competencia lexislativa ao Estado, pois (...) o sentido deste precepto constitucional non é outro que o de singularizar aos Colexios Profesionais como entes distintos das asociacións que, ao abeiro do art. 22, poidan libremente crearse, remitíndose a norma constitucional á lei para que esta regule as peculiaridades propias do réxime xurídico das organizacións colexiais, co mandato de que a súa estrutura interna e funcionamento haberán de ser en todo caso democráticos. Agora ben, que o art. 36 da Constitución non recoñeza directamente ao Estado competencia normativa para fixar o réximen xurídico dos Colexios Profesionais non significa que aquel careza de todo título habilitante para intervir nesta materia, nin tampouco que o nivel ou grao de competencia estatal sexa só o que resulte dos propios termos de cada un dos Estatutos de Autonomía (...)*
>
> *4. Como ten declarado este Tribunal en anteriores ocasións (SSTC 76/1983, do 5 Ago.; 23/1984, do 20 Feb., e 123/1987, do 15 Xul.), os Colexios Profesionais son corporacións sectoriais que se constitúen para defender primordialmente os intereses privados dos seus membros, pero que tamén atenden a finalidades de interese público, en razón das cales se configuran legalmente como persoas xurídico-públicas ou Corporacións de Dereito público cuxo orixe, organización e funcións non dependen só da vontade dos asociados, senón tamén, e en primeiro termo, das determinacións obrigatorias do propio lexislador, o cal, polo xeral, lles atribúe así mesmo o exercicio de funcións propias das Administracións territoriais ou permite a estas últimas recabar a colaboración daquelas mediante delegacións expresas de competencias administrativas, o que sitúa a tales Corporacións baixo a dependencia ou tutela das citadas Administracións territoriais titulares das funcións ou competencias exercidas por aquelas. Trátase dunha lexítima opción lexislativa que non só non contradí o mandato do art. 36 da Constitución, senón que garda unha estreita conexión instrumental co réxime de exercicio das profesións tituladas a que este mesmo precepto constitucional se refire.*
>
> *Certo é que o carácter de Corporacións públicas dos Colexios Profesionais non logra escurecer a natureza privada dos seus fins e dos seus cometidos principais, polo que, como xa se dixo na STC 123/1987, do 15 Xul., estes entes públicos «realizan unha actividade que en grande parte é privada, aínda que teñan atribuídas pola Lei ou delegadas algunhas funcións públicas». Pero non é menos verdade que a dimensión pública dos entes colexiais, en cuxa virtude, como antes se dixo, están configurados pola Lei baixo formas de personificación xurídico-pública (...), lles equipara sen dúbida ás Administracións públicas de carácter territorial, se ben tal equiparación quede limitada aos sós aspectos organizativos e competenciais nos que se concreta e singulariza a dimensión pública daqueles. De aí que, na STC 76/1983, do 5 Ago., este Tribunal declarara que «corresponde á lexislación estatal fixar os principios e regras básicas a que han de axustar a súa organización e competencias as Corporacións de Dereito público representativas de intereses profesionais". E aínda cando en tal declaración non se invocara explícitamente o art. 149.1, 18.ª, da Constitución, e se dixera só que as remisións estatutarias aos preceptos constitucionais alí citados «permite entender que a Lei á que se refire o art. 36 ha de ser estatal en canto á fixación de criterios básicos en materia de organización e competencia» das Corporacións públicas profesionais, é de todo claro que o fundamento constitucional desta lexislación básica estatal non pode atoparse senón no mencionado art. 149. 1, 18.ª, da Constitución. Non cabe olvidar, polo demais, que naquela Sentenza este Tribunal dixo de forma expresa, con referencia ás Corporacións de Dereito público representativas de intereses económicos, cuxa analoxía coas Corporacións profesionais non parece dubidosa, que, «aínda que orientadas primordialmente á consecución de fins privados, propios dos membros que as integran, tales Corporacións participan da natureza das Administracións Públicas e, neste sentido, a constitución dos seus órganos, así como a súa actividade nos limitados aspectos nos que realizan funcións administrativas han de entenderse suxeitas ás bases que con respecto ás ditas Corporacións dite o Estado no exercicio das competencias*

> *que lle recoñece o art. 149.1, 18.ª, da Constitución». Esta doutrina resulta notoriamente aplicable tamén ás Corporacións de Dereito público representativas de intereses profesionais (...)"*

Pola súa banda, a STC 89/1989 destacou (FX 5) que:

> *" Os Colexios Profesionais, en efecto, constitúen unha típica especie de Corporación, recoñecida polo Estado, dirixida non só á consecución de fins estritamente privados, o que podería conseguirse coa simple asociación, senón esencialmente a garantir que o exercicio da profesión - que constitúe un servizo ao común– se axuste ás normas ou regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade en tal exercicio, que, en principio, por outra parte, xa garantiu o Estado coa expedición do título habilitante" (...) " E é que ao cumprirse polos Colexios Profesionais outros fins específicos, determinados pola profesión titulada, de indubidable interese público (disciplina profesional, normas deontolóxicas, sancións penais ou administrativas, recursos procesuais, etc.), iso xustifica innegablemente a opción deferida ao lexislador para regular aqueles Colexios e para configuralos como o fai a Lei 2/1974 e as normas complementarias citadas"* (FX 7).

A STC 330/1994 (FJ 9) observou que:

> *"(...) a Constitución non impón no seu art. 36 un único modelo de Colexio profesional. Baixo esta peculiar figura con rasgos asociativos e corporativos poden englobarse polo lexislador estatal, no exercicio da súa competencia para formalizar normas básicas das Administracións públicas ex art. 149.1.18 da Constitución, situacións ben distintas como son as que corresponden ao exercicio de funcións públicas en réxime de monopolio ou de libre concorrencia no mercado como profesión liberal, e con colexiación forzosa ou libre. Do mesmo modo, non ten por que erixirse, nos supostos legais de colexiación voluntaria, unha inexistente obriga constitucional de colexiarse, nun requisito habilitante para o exercicio profesional. E é así mesmo posible que os Colexios profesionais asuman a defensa de actividades profesionales que non configuren, en realidade, profesións tituladas. Todos estes extremos poden ser regulados libremente polo lexislador estatal, desenvolvendo o art. 36, e con cobertura competencial no art. 149.1.18, ambos da Constitución."*

A regulación estatal actualmente vixente sobre a materia está contida na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, modificada polas Leis 74/1978, do 26 de decembro; 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e de Colexios Profesionais; Reais Decretos-leis 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e de incremento da competencia, e 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

As ditas reformas, ao ir establecendo o carácter básico de determinados preceptos da Lei 2/1974, contribuíron a evitar a inseguridade xurídica que supoñía a regulación da materia mediante unha normativa preconstitucional. Particularmente, cómpre citar as disposicións derradeiras segunda da Lei 7/1997, do 14 de abril, e do Real Decreto Lei 6/2000, do 23 de xuño.

A última e máis importante modificación da Lei 2/1974 foi a operada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Esta norma, xunto coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, tivo por obxecto traspoñer ao ordenamento interno o disposto na Directiva 2006/123/CE, do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior- en adiante,

Directiva de servizos. A citada Lei 25/2009, no seu artigo 5, modificou catro dos nove artigos que tiña a Lei 2/1974 e engadiu seis artigos máis así como tres disposicións adicionais. Conforme ao previsto na disposición derradeira primeira da Lei 25/2009, o disposto no artigo 5 se dita ao abeiro do artigo 149.1.18.ª e 30.ª da Constitución, que atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.[1]

Polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao disposto no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de Confrarías de Pescadores, Cámaras da Propiedade Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución.

Conforme ao artigo 3 da Lei Orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transferiuse á Comunidade Autónoma galega, no marco da lexislación básica do Estado, a competencia de desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

Por Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Colexios Oficiais ou Profesionais, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións da Administración do Estado en relación cos colexios oficiais ou profesionais, cuxo ámbito territorial estea exclusivamente abranguido dentro do territorio propio da Comunidade, reservándose a Administración do Estado as funcións de establecemento das bases do réxime xurídico dos colexios oficiais ou profesionais e de regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais, conforme ao artigo 149.1.30.ª da Constitución.

A normativa autonómica na materia vén constituída pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. En concreto, o artigo 2 do devandito texto legal dá nova redacción aos artigos 2, 3, ao apartado 1 do artigo 8, aos apartados e) e i) do artigo 9; introduce un novo

[1] O Pleno do Tribunal Constitucional, por providencia do 5 de outubro de 2010, admitiu a trámite o recurso de inconstitucionalidade número 6851/2010, promovido polo Goberno da Generalitat de Cataluña contra o artigo 5.5, a disposición transitoria cuarta e a disposición derradeira primeira da Lei 25/2009, do 22 de decembro.

apartado v) no artigo 9 e introduce como novos preceptos os artigos 10bis, 10ter, 10quater, 10quinques e 10sexies.[2]

Polo que respecta á creación dos Colexios Profesionais, o artigo 11 da Lei 11/2001 dispón:

> *"Artigo 11. Constitución*
>
> *1. No ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, a creación de colexios profesionais farase por lei do Parlamento galego.*
>
> *2. Cando o exercicio da iniciativa lexislativa sexa do Consello da Xunta de Galicia, o correspondente anteproxecto de lei de creación farase a petición dos profesionais interesados e previa apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público concorrente na creación do colexio.*
>
> *3. Unicamente poderase crear un novo colexio profesional respecto a aquelas profesións para cuxo exercicio se esixa estar en posesión dun título académico oficial, e tamén respecto a aquelas actividades profesionais cuxo exercicio estea condicionado á posesión dun título oficial que acredite a cualificación e habilite legalmente para o seu exercicio.*
>
> *4. O ámbito territorial mínimo dos colexios de nova creación será a provincia.*
>
> *5. Non poderá constituírse máis dun colexio profesional de idéntica profesión dentro dun mesmo ámbito territorial."*

Tal e como se indicou máis arriba, o Anteproxecto de Lei que nos ocupa ten por obxecto a creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. Na actualidade existen diversas leis autonómicas de creación de colexios similares. Así, poden citarse: a Lei Foral 6/2004, do 9 de xuño; a Lei balear 4/2007, do 28 de marzo, a Lei aragonesa 5/2007, do 17 de decembro; a Lei de Castilla-La Mancha 4/2008, do 12 de xuño; a Lei do País Vasco 14/2008, do 12 de decembro e a Lei da Comunidade Valenciana 5/2009, do 30 de xuño.

En relación cos requisitos que, para a creación dun Colexio Profesional, contén o artigo 11 da Lei 11/2001, remitímonos ao informe desta Asesoría Xurídica do 16 de abril de 2012, se ben, tal e como indicamos máis arriba, á vista da nova versión remitida así como da documentación que se achega xunto coa petición de informe, cómpre ampliar o disposto nel cunha serie de consideracións, advertindo de novo que este informe versa sobre cuestións de legalidade e de técnica normativa e enténdese sen prexuízo do contido dos informes e ditames que, no ámbito

[2] Como xa se adiantou no informe desta asesoría xurídica do 16 de abril de 2012, foi interposto recurso de inconstitucionalidade (núm. 8260/2010) polo Presidente do Goberno contra os apartados un-punto 4, parágrafo 2-; dous-punto 2-; cinco e dez-puntos 1, 2 e 3-, do artigo 2 e os artigos 3 a 9 da Lei 1/2010 (preceptos, estes últimos, que teñen por obxecto a modificación das leis reguladoras dos colexios oficiais de Logopedas de Galicia, de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia, de Xoiería, Orfebrería, Pratería, Reloxería e Xemoloxía de Galicia, de Enxeñería en Informática de Galicia, de Hixienistas Dentais de Galicia, de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia e de Detectives Privados e Privadas de Galicia). Por providencia do TC do 14 de decembro de 2010 o Pleno do Tribunal Constitucional acordou admitir a trámite o recurso de inconstitucionalidade e por Auto núm. 42/2011, do 12 de abril, levantouse a suspensión dos preceptos impugnados.

das súas respectivas competencias, sexan emitidos durante a tramitación do anteproxecto, por outros órganos.

Así, entre a documentación remitida (que non se acompañou á petición do primeiro informe) figura o ditame do Consello Galego da Competencia. Con posterioridade á emisión do referido ditame, recabouse informe da Consellería de Sanidade (que tamén se achega xunto coa petición deste informe), no que se recollen de maneira máis estensa e completa as razóns de interese público que se aprecian na creación do Colexio.

Cómpre así deterse no aspecto relativo á xustificación da concorrencia de razóns de interese público na creación dun colexio. En efecto, non existe unha habilitación discrecional para que o lexislador decida a creación de colexios e o réxime xurídico de adscrición á marxe das esixencias do interese público senón que o lexislador deberá facelo de xeito tal que restrinxa o menos posible e de modo xustificado, tanto o dereito de asociación (art. 22) como o libre exercicio profesional e de oficio (art. 35) e que *"ao decidir, en cada caso concreto, a creación dun colexio profesional ha de ter en conta que, ao afectar a existencia deste aos dereitos fundamentais mencionados, só será constitucionalmente lícita cando estea xustificado pola necesidade dun interese público»* (por todas, STC 76/2003, do 23 de abril). E como sinala a STC 194/1998, do 1 de outubro: "*En todo caso, pois, a calificación dunha profesión como colexiada, coa conseguinte incorporación obrigatoria, require desde o punto de vista constitucional a existencia de intereses xerais que podan verse afectados ou, dito doutro modo, a necesaria consecución de fins públicos constitucionalmente relevantes. A lexitimidade desa decisión dependerá de que o Colexio desempeñe efectivamente funcións de tutela do interese de quenes son destinatarios dos servizos prestados polos profesionais que o integran, así como da relación que exista entre a concreta actividade profesional con determinados dereitos, valores e bens constitucionalmente garantidos.*"

E como recorda a máis recente STS do 11 de abril de 2008, tras facer unha referencia á doutrina do TC en materia de colexios profesionais:

> *"Temos sinalado xa que o Tribunal Constitucional ten establecido que non existe un dereito dos cidadáns a crear ou a que os poderes públicos creen Colexios profesionais. Do mesmo temos recollido a doutrina constitucional en relación co art. 36 da Carta respecto da cal interesa resaltar os seguintes extremos: 1.- O artigo 36 non prevé que a creación e exercicio dos Colexios profesionais sexa libre, como o fai ao referirse a sindicatos e partidos, senón que establece a reserva legal, diferenciándoos coas organizacións profesionais a que se refire o art. 52 da Constitución, pois mentres estas están dirixidas á promoción e defensa de intereses económicos, os Colexios Profesionais cumpren outros fins profesionais determinados pola profesión titulada de indubidable interese público. 2.- Ao remitir o art. 36 á reserva de lei a regulación dos Colexios profesionais, consagra as peculiaridades destes: é o lexislador dentro dos límites constitucionais e da natureza e fins dos colexios, quen pode optar por unha configuración determinada, non sendo esa reserva de lei equiparable á que se prevé no art. 53.1 da Constitución respecto aos dereitos e liberdades, pero debendo o lexislador ao decidir a creación dun Colegio profesional en*

canto esta afecta a dereitos como o de asociación, libre elección profesional ou de oficio, ter en conta que a súa creación só será constitucionalmente lícita cuando estea xustificada pola necesidade de servir a un interese público."

Tendo en conta o ata agora exposto, recoméndase completar o expediente coa incorporación dunha memoria xustificativa na que, ademais de recoller a necesidade da norma (indicando as razóns polas que debe ditarse a norma, a finalidade desta e cal debe ser o seu contido para acadala), a súa oportunidade e a viabilidade xurídica (precisando o marco das competencias e o normativo no que se insira e as disposicións que se verán afectadas) se inclúa unha exposición completa das razóns de interese público que se estiman concorrentes, podendo tomar como base o informe da Consellería de Sanidade obrante no expediente e resultando así mesmo ilustrativas neste sentido as previsións que sobre o particular contén o informe I 04/09, do Consejo de Defensa da Competencia de Andalucía, sobre a creación do Colexio Profesional de Dietistas-Nutricionistas de Andalucía.[3]

III.- OBSERVACIÓNS AO ARTICULADO

1.- Consideracións xerais

Resulta obrigado facer unha referencia xeral á conveniencia de aplicar, na elaboración das normas, uns criterios uniformes de técnica normativa, pois iso redundará en beneficio da claridade dos textos normativos e da súa mellor comprensión polos cidadáns, en xeral, e polo operadores xurídicos, en particular. Neste sentido, aconséllase seguir o exemplo que proporciona a Administración do Estado, no ámbito da cal existen unhas Directrices de técnica normativa, aprobadas por Acordo do Consello de Ministros do 22 de xullo de 2005 (Resolución do 28 de xullo de 2005, pola que se dá publicidade ao devandito acordo, publicada no BOE núm. 180, do 29 de xullo). Así, neste caso e seguindo a liña doutros informes, estas Directrices serven de fundamento ás observacións que, en materia de técnica normativa, se realizan ao articulado do Anteproxecto de Lei.

Para rematar con estas consideracións xerais formúlanse as seguintes recomendacións en relación co conxunto do anteproxecto:

[3] Tamén resultan ilustrativos informes posteriores do mesmo órgano como sería así o caso dos informes núms. 20/11 (sobre o anteproxecto de lei polo que se crea o Colexio Profesional de Xornalistas de Andalucía), 22/11 (sobre o anteproxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Dietistas-Nutricionistas de Andalucía) e 23/11 (sobre o anteproxecto de lei polo que se crea o Colexio Profesional de Licenciados e Graduados en Ciencias Ambientais de Andalucía). Todos estes informes están dispoñibles na páxina web: http://www.juntadeandalucia.es/defensacompetencia/opencms/web_es/noticias/inicio.html

a) Recoméndase efectuar unha revisión do texto co fin de corrixir as erratas existentes, así como desenvolver un uso máis axeitado das maiúsculas e minúsculas e dos signos de puntuación co fin de evitar posibles confusións na aplicación e interpretación do texto.

b) Polo que respecta ás divisións dos preceptos así como das disposicións nas que se divide a parte final, convén lembrar que, conforme ás Directrices de técnica normativa citadas máis arriba, os artigos dividiranse en apartados, que se numerarán en cardinais arábigos, en cifra, salvo que só haxa un; en tal caso, non se numerará.

2.- Título

Debe corrixirse a errata cometida no termo *"Nutricionistas"*.

3.- Parte expositiva

Conforme ás Directrices de técnica normativa citadas máis arriba, nos anteproxectos de lei a parte expositiva denominarase exposición de motivos. En consecuencia, recoméndase substituir o termo "PREÁMBULO" polo de " EXPOSICIÓN DE MOTIVOS", que deberá ir centrado no texto.

No parágrafo segundo, despois da data do RD 1643/1996 debería ir unha coma.

Recoméndase que a redacción do parágrafo quinto sexa máis fiel ao contido do RD 433/1998, tendo en conta o disposto no artigo único e no anexo do devandito RD, ademais de corrixir a errata cometida na numeración do texto normativo e de evitar a reiteración do verbo *"establece"*. Para estes efectos, proponse a seguinte redacción ou similar: *" O Real Decreto 433/1998, do 20 de marzo, establece o título universitario oficial de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á obtención daquel. Conforme ao devandito real decreto, o título terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e as ensinanzas conducentes á súa obtención deberán proporcionar unha formación axeitada nas bases teóricas e nas técnicas de elaboración dos réximes alimenticios axeitados á nutrición humana."*

A prol dunha maior claridade expositiva respecto ao cumprimento do requisito previsto no apartado 3 do artigo 11 da Lei 11/2001, aconséllase seguir unha orde cronolóxica na referencia ás disposicións de interese. Así, antes do parágrafo relativo á Orde CIN/730/2009, aconséllase incluir os relativos á Lei 44/2003. E, tras os parágrafos relativos aos artigos 2 e 7 da Lei 44/2003, recoméndase incluir a referencia á Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009, polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos

conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de Dietista-Nutricionista. En relación co devandito acordo, sería aconsellable precisar que o seu obxecto, conforme ao previsto no apartado primeiro, é o de determinar, en virtude do disposto no artigo 12.9 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, as condicións ás que deben adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de Grao que habiliten para o exercicio da profesión regulada de Dietista-Nutricionista.

A continuación recoméndase sinalar que, en cumprimento do previsto no apartado cuarto do devandito acordo, posto en relación coa disposición adicional novena do RD 1393/2007, do 29 de outubro, por Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo, establécense os requisitos para a verificación dos títulos universitarios que habiliten para o exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista.

Polo que respecta aos parágrafos sétimo e oitavo, relativos á Lei 44/2003, ademais do xa indicado en relación coa súa ubicación sistemática, cómpre indicar o seguinte.

No parágrafo sétimo, despois da data da Lei 44/2003 debería ir unha coma e na segunda liña do mesmo parágrafo debe corrixirse a errata cometida coa reiteración do verbo *"establece"*.

Polo que respecta á referencia ás razóns de interese público concorrentes, reitérase a recomendación efectuada no apartado anterior deste informe. Así, de seguir tal recomendación, aconséllase que na parte expositiva do anteproxecto se recollan de maneira concisa pero completa as razóns que se finalmente se inclúan na devandita memoria.

No derradeiro parágrado, en relación co emprego do termo *"preámbulo"* reiteramos que, conforme ás Directrices de técnica normativa citadas, nos anteproxectos de lei a parte expositiva debe denominarse exposición de motivos. Ademais, o número de artigos nos que se divide o anteproxecto é de catro, relativos respectivamente a: obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal e colexiación. E o número de disposicións transitorias na versión remitida é de tres.

4.- Observacións á parte dispositiva

Artigo 1.- Obxecto

Conforme ás Directrices de técnica normativa citadas máis arriba, a composición dos artigos realizarase da seguinte maneira:

Artigo 1. *Obxecto.*

(isto é, a palabra *"artigo"* en minúscula, salvo a primeira letra; citando a palabra completa, non a súa abreviatura, no mesmo tipo de letra que o texto; sen negrita nin subraiado nin cursiva; tras esa palabra, o cardinal arábigo, seguido dun punto e un espazo; a continuación, en cursiva, o título do artigo en minúscula, salvo a primeira letra, e un punto ao final).

A anterior recomendación reitérase para todos os artigos do anteproxecto.

Polo que respecta ao contido do precepto, no que atinxe á referencia á personalidade xurídica e á capacidade de obrar existe unha reiteración entre o previsto neste precepto e no primeiro parágrafo da disposición transitoria primeira. En consecuencia, recoméndase a regulación da materia só no precepto que nos ocupa recollendo fielmente a regra contida no artigo 12 da Lei 11/2001 no sentido de diferenciar entre o momento de adquisición da personalidade xurídica e da capacidade de obrar.[4] A tal fin, aconséllase dividir o precepto en dous apartados: un relativo á creación do colexio como corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e outro referente a que o colexio terá capacidade de obrar desde o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno.

Artigo 3.- Ámbito persoal

Reiteramos a recomendación xeral efectuada máis arriba en relación coa división dos preceptos.

Debe corrixirse a errata cometida na númeración do RD 433/1998. Por máis abastamento, a primeira cita dos textos normativos na parte dispositiva debe ser completa, con indicación do tipo de disposición, número, ano, data e título.

En relación co inciso: *"ou o título universitario oficial de Graduado en Nutrición Humana e Dietética, obtido conforme á Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo"*, cómpre indicar o seguinte.

O artigo 12.9 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, dispón que: *"Cando se trate de títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España, o Goberno establecerá as condicións ás que deberán adecuarse os correspondentes plans de estudos, que ademais deberán axustarse, no seu caso, á normativa europea aplicable. Estes plans de estudos deberán, en todo caso, deseñarse de forma que permitan obter as competencias necesarias para exercer esa profesión. A tales efectos a Universidade justificará a adecuación do plan de estudos ás ditas condicións."*

[4] Así, conforme ao precepto legal citado, o colexio terá personalidade xurídica desde o momento no que entre en vigor a lei de creación e capacidade de obrar desde o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno

Conforme aos artigos 2 e 7 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias, a profesión de Dietista-Nutricionista é unha profesión regulada.

En virtude do disposto no artigo 12.9 do RD 1393/2007, por Acordo do Consejo de Ministros do 23 de xaneiro de 2009, establecéronse as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de Dietista-Nutricionista. E en desenvolvemento da previsión contida no apartado 4 do acordo, posto en relación coa disposición adicional novena do RD 1393/2007, do 29 de outubro, ditouse a Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista.

Tanto o devandito acordo como a Orde citada aluden a *"títulos"* (en plural) que habiliten para o exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista.

Tendo en conta o exposto, recoméndase substituir o inciso sinalado por outro no que, logo de seguir o disposto no acordo e na orde citados, se aluda a títulos que habiliten para o exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista, de conformidade co Acordo de Consejo de Ministros do 23 de xaneiro de 2009 e a Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo.

Por último, recoméndase incluir unha referencia ao sistema de recoñecemento da cualificacións profesionais (RD 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Diretiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Diretiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado)[5].

Artigo 4.- Colexiación

Reitérase a recomendación efectuada con carácter xeral en relación coa división dos preceptos.

Co fin de evitar reiteracións innecesarias aconséllase refundir as previsións contidas no artigo 3 e no primeiro parágrafo do artigo 4, de xeito que nun só artigo (o 3, relativo ao ámbito persoal) se sinale que poderán integrarse no Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia os

[5] Así o fan diversas leis autonómicas de creación de colexios profesionais como, por exemplo: a Lei 4/2008, do 12 de xuño, de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Castela A Mancha (artigo 5); a Lei 11/2010, do 11 de outubro, de creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Castela e León (artigo 3); a Lei 10/2011, do 10 de febreiro, de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Castela a Mancha (artigo 5); a Lei 7/2012, do 4 de outubro, de creación do Colexio Oficial de Enoloxía de Castela A Mancha (artigo 5) ou a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de creación do Colexio Vasco de Periodistas (artigo 3).

profesionais que estean en posesión dos títulos mencionados no artigo 3 (tendo en conta a recomendación efectuada respecto das titulacións no comentario ao devandito artigo).[6]

Polo que respecta á redacción do parágrafo segundo, cómpre sinalar o seguinte.

O artigo 3 da Lei 2/1974, na redacción actualmente vixente (dada polo artigo 5.Cinco da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio), dispón, nos seus apartados 2 e 3:

> *"2. Será requisito indispensable para o exercicio das profesións acharse incorporado ao Colexio Profesional correspondente cando así o estableza unha lei estatal (...)*
>
> *3.- Cando unha profesión se organice por colexios territoriais, abondará a incorporación a un só deles, que será o do domicilio profesional único ou principal, para exercer en todo o territorio español. A estes efectos, cando nunha profesión só existan colexios profesionais nalgunhas Comunidades Autónomas, os profesionais rexeranse pola lexislación do lugar onde teñan establecido o seu domicilio profesional único ou principal, o que abondará para exercer en todo o territorio español. (...)"*

Como se sinalou máis arriba, conforme ao previsto na disposición derradeira primeira da Lei 25/2009, o disposto no artigo 5 se dita ao abeiro do artigo 149.1.18.ª e 30.ª da Constitución, que atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.

En relación coas previsións transcritas resulte de interese o pronunciamento contido no ditame do Consejo de Estado núm. 779/2009, sobre o Anteproxecto de Lei de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. En relación coas modificacións proxectadas na Lei 2/1974, sinalou:

> *(...) é preciso poñer de manifesto as dúbidas que a este respecto plantexou a modificación introducida polo anteproxecto no artigo 3.3, parágrafo segundo, da Lei 2/1974, pois se alegou que vén dar carta de natureza aos Colexios Autonómicos de adscripción obrigatoria, deixando así en mans do lexislador autonómico a determinación do requisito da colexiación obrigatoria, materia que, en principio, corresponde ao lexislador estatal, en uso da competencia exclusiva do artigo 149.1.18 da Constitución (como pode deducirse da STC 330/1994). Por conseguinte, debería precisarse esta cuestión na nova regulación e deixar claro que se trata dunha materia suxeita a regulación por lei estatal e que se respecta o principio de colexiación única."*

Seguindo esta mesma liña, o Consejo de Estado, no ditame núm. 973/2011, sobre o recurso de inconstitucionalidade contra os artigos 8.3, 13.1.c), 14 e 18.3 da Lei 9/2011, do 24 de marzo, de

[6] Seguindo así a liña doutras leis autonómicas na materia como a Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia; a Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia; a Lei 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoiería, Orfebrería, Pratería, Reloxería e Xemoloxía de Galicia; a Lei 10/2006, do 7 de decembro, polo que se crea o Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia; a Lei 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia; a Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia ou a Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Oficial de Detectives Privados e Privadas de Galicia.

mediación familiar de Aragón, sinalou, en relación co artigo 3.2 da Lei 2/1974 que: *"resulta desta norma básica que unicamente o Estado ostenta competencia para impoñer a colexiación como condición para o exercicio profesional e que as Comunidades Autónomas non teñen a dita competencia."*

O artigo 3.2 da Lei 2/1974 debe poñerse en relación coa disposición transitoria cuarta da Lei 25/2009, a teor da cal:

> "Disposición transitoria cuarta. Vixencia das obrigas de colexiación
>
> *No prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, remitirá ás Cortes Xerais un Proxecto de Lei que determine as profesións para cuxo exercicio é obrigatoria a colexiación.*
>
> *O dito Proxecto deberá prever a continuidade da obriga de colexiación naqueles casos e supostos de exercicio nos que se fundamente como instrumento eficiente de control do exercicio profesional para a mellor defensa dos destinatarios dos servizos e naquelas actividades nas que poidan verse afectadas, de maneira grave e directa, materias de especial interese público, como poden ser a protección da saúde e da integridade física ou da seguridade persoal ou xurídica das persoas físicas.*
>
> *Ata a entrada en vigor da mencionada Lei manteranse as obrigas de colexiación vixentes.*

En relación con estas previsións cómpre manifestar a existencia de dous recursos de inconstitucionalidade. Por unha banda, por providencia do 14 de decembro de 2010, o Pleno do Tribunal Constitucional admitiu a trámite o recurso de inconstitucionalidade número 8506/2010 promovido polo presidente do Goberno contra o artigo 3.2 da Lei 2/2010, do 26 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Extremadura (por ATC núm. 43/2011, do 12 de abril, acordouse levantar a suspensión do devandito precepto).

Por outra, por providencia do 14 de decembro de 2010, o Pleno do Tribunal Constitucional admitiu a trámite o recurso de inconstitucionalidade número 8507/2010 promovido polo Presidente do Goberno contra o artigo 3.3 da Lei 3/2010, do 26 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Extremadura (por ATC núm. 44/2011, do 12 de abril, acordouse levantar a suspensión do devandito precepto).

Ambos preceptos teñen unha redacción similar consistente na previsión de que a previa incorporación ao colexio será requisito indispensable para o exercicio da profesión na Comunidad Autónoma de Extremadura nos termos da normativa básica estatal en materia de Colexios Profesionais e do disposto nos artigos 16 e 17 da Lei 11/2002, do 12 de decembro, de Colexios e de Consellos de Colexios Profesionais de Extremadura.[7]

[7] Os acordos de interposición de tales recursos de inconstitucionalidade foron obxecto dos ditames do Consejo de Estado número 2441/2010 e 2442/2010.

Tamén cómpre indicar que unha redacción similar á dos preceptos citados tiña inicialmente o artigo 4 da Lei 11/2010, do 11 de outubro, de creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Castilla y León, se ben con remisión, ademais de á normativa básica estatal, á Lei 8/1997, do 8 de xullo, de Colexios Profesionais de Castilla y León. [8]

No BOE núm. 238, do 3 de outubro de 2011, publicouse o Acordo da Comisión de Cooperación entre a Comunidade Autónoma de Castilla y León e o Estado en relación coa Lei de Castilla y León 11/2010, do, 11 de outubro, de creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Castilla y León. Conforme ao apartado 1º do acordo, a Comunidade de Castilla y León comprométese a promover a modificación da Lei 11/2010 dando nova redacción ao artigo 4 nos seguintes termos:

Artigo 4. Colexiación.

Para o exercicio da profesión de Terapeuta Ocupacional con domicilio profesional único ou principal na Comunidade de Castilla y León, será necesaria a incorporación ao Colegio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Castilla y León cando así o estableza unha lei estatal.

En cumprimento do devandito acordo, a disposición derradeira décimo terceira da Lei 1/2012, do 28 de febreiro, de medidas tributarias, administrativas e financeiras de Castilla y León, deu nova redacción ao artigo 4 da Lei 11/2010 nos termos indicados.

Tendo en conta o ata aquí exposto, recoméndase que a redacción do segundo parágrafo do artigo 4 do anteproxecto siga os termos do vixente artigo 4 da Lei de Castilla y León 11/2010 citada (e froito, como acabamos de expoñer, do acordo da Comisión de Cooperación) no sentido de aludir ao exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista (en lugar *"das actividades profesionais para as que habilitan as ditas titulacións"*); de incluir o inciso *"con domicilio profesional único ou principal na Comunidade Autónoma de Galicia"* e de substituir o inciso final polo de *"cando así o estableza unha lei estatal."*

5.- Observacións á parte final

Disposición transitoria primeira

Conforme ás Directrices de técnica normativa citadas máis arriba, as disposicións nas que se divide a parte final deben levar título.

[8] No ditame do Consejo de Estado número 975/2011, sobre a interposición de recurso de inconstitucionalidade contra o devandito precepto, se recolle unha fundamentación similar á contida nos ditames número 2441/2010 e 2442/2010.

De acordo coas mesmas directrices, a composición das disposicións da parte final realizarase da seguinte maneira: marxe esquerda da liña superior do texto; en minúscula, salvo a primeira letra da primeira palabra; citando as palabras completas, sen abreviaturas; no mesmo tipo de letra que o texto; sen negrita nin subraiado nin cursiva; a continuación, o ordinal en letra, seguido dun punto e un espacio; despois, o título da disposición en cursiva e con minúsculas, salvo a primeira letra, e un punto ao final).

Esta recomendación,se reitera para as restantes disposicións nas que se divide a parte final.

Reitérase a recomendación efectuada en relación coa división das disposicións.

En relación co primeiro parágrafo, remitímonos ao sinalado no comentario ao artigo 1. En todo caso, de manterse o parágrafo, aconséllase substituir a expresión *"unha vez constituídos"* pola de *"desde o momento no que se constitúan"* (artigo 12 da Lei 11/2001).

A remisión efectuada no parágrafo segundo ás funcións da comisión xestora abrangue soamente a función prevista na disposición transitoria segunda de aí que se aconselle, co fin de evitar remisións e seguindo a liña doutras leis autónomicas galegas de creación de colexios profesionais[9], e do primeiro borrador do anteproxecto de lei que nos ocupa, recoller nunha soa disposición transitoria primeira: a previsión de designación dunha Comisión Xestora, a función desta prevista na disposición transitoria segunda e a previsión de composición paritaria contida no parágrafo terceiro da disposición transitoria primeira.

Disposición transitoria segunda.- Comisión xestora

No último inciso recoméndase substituir a expresión *"formarán parte"* pola máis precisa *"terán dereito a participar"* ou expresión similar.

Disposición transitoria terceira.- Asamblea constituínte e estatutos definitivos

No apartado 1 debería recollerse a denominación completa do colexio: Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Aconséllase que o disposto no apartado 2 forme parte do contido da disposición transitoria na que se aluda á convocatoria da asamblea constituínte.

[9] Así, a Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia; a Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia; a Lei 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoieria, Orfebrería, Pratería, Reloxería e Xemoloxía de Galicia; a Lei 10/2006, do 7 de decembro, polo que se crea o Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia; a Lei 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia; a Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia ou a Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Oficial de Detectives Privados e Privadas de Galicia.

Recoméndase que se complete a redacción do apartado 3, seguindo a liña doutras leis autonómicas galegas de creación de colexios profesionais[10] e do disposto no artigo 18 da Lei 11/2001. Por máis abastamento, o termo *"presentaranse"* debería substituirse polo máis preciso de *"remitiranse"* ou *"dirixiranse"* e debe corrixirse a errata consistente na omisión da preposición *"a"* antes da palabra *"conselleria"*.

Disposición derradeira

Conforme ás directrices de técnica normativa, as disposicións nas que se divide a parte final deben levar título e deben ir numeradas (ou, de ser só unha disposición dunha clase, como no presente caso, deben levar a palabra *"única"*).

É todo canto se informa sobre o *Anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia*, sen prexuízo doutro mellor criterio fundado en Dereito.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2013

A letrada da Xunta de Galicia

Carmen Mª Salgueiro Moreira

ANEXO:

ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE DIETISTAS - NUTRICIONAISTAS DE GALICIA.

PREÁMBULO

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución Española, a Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencias de competencias á comunidade autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e

[10] Así, a Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia; a Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia; a Lei 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoiería, Orfebrería, Pratería, Reloxería e Xemoloxía de Galicia; a Lei 10/2006, do 7 de decembro, polo que se crea o Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia; a Lei 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia; a Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia ou a Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Oficial de Detectives Privados e Privadas de Galicia.

profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo e asumiuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ditou en virtude da devandita competencia a Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11 a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

Ao amparo desta normativa as persoas representantes da Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas, presentaron solicitude de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

O Real Decreto 443/1998, de 20 de marzo , establece o título universitario oficial de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética, que terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, e establece as directrices xerais dos plan de estudo, que deberán proporcionar unha formación adecuada nas bases teóricas e nas técnicas de elaboración dos réximes alimenticios adecuados á nutrición humana.

Así mesmo a Orde CIN/730/2009, de 18 de marzo establece os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais de Graduado que habiliten para o exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista.

A Lei 44/2003, de 21 de novembro de ordenación das profesións sanitarias, en relación coas profesións sanitarias tituladas, establece no artigo 2 establece que son profesións sanitarias tituladas e reguladas, aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe especifica e fundamentalmente a dotar ás persoas interesadas dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da atención da saúde, e que están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes públicos de acordo co previsto na normativa especifica aplicable, e inclúe expresamente entre as profesións sanitarias de nivel diplomado, a profesión de Dietista Nutricionista, para cuxo exercicio habilita o título de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética.

A mesma Lei no artigo 7.2.g) establece como funcións dos Dietistas-Nutricionistas, o desenvolvemento de actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás necesidades fisiolóxicas, e, no seu caso, patolóxicas das mesmas, e de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

A importancia da actividade dos profesionais da dietética e a nutrición humana, pola súa vinculación con valores constitucionalmente recoñecidos como a saúde das persoas e a calidade de vida, a repercusión social nos hábitos da educación alimentaria e na promoción de hábitos de nutrición saudables, xustifica o interese público concurrente para a creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nuticionistas, como organización capaz de velar pola defensa dos intereses das persoas colexiadas e polos intereses da cidadanía.

Coa creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, garántese a adecuación, no exercicio da profesión, ás normas e regras que aseguren a protección dos dereitos e intereses, da cidadanía así como as eventuais responsabilidades nas que poidan incorrer os profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Polo exposto, e considerando que existen razóns de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, procédese mediante a presente Lei á creación do dito colexio.

A lei consta dun preámbulo, tres artigos titulados respectivamente: obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Artigo 1. Obxecto.

Créase o Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins dende o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno.

Artigo 2. Ámbito territorial.

O ámbito de actuación do colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. Ámbito persoal.

1. O Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia agrupa aos profesionais que estean en posesión do título universitario oficial de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética, obtido de conformidade co disposto no Real Decreto 443/1998, de 20 de marzo, ou o título universitario oficial de Graduado en Nutrición Humana e Dietética, obtido conforme á Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo, ou outro título estranxeiro equivalente debidamente homologado.

Artigo 4. Colexiación.

No Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia poderán integrarse os profesionais que estean en posesión das titulacións sinaladas no artigo anterior.

O exercicio das actividades profesionais para as que habilitan as ditas titulacións requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, cando así se estableza por lei estatal.

Disposición transitoria primeira.

O Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia terá personalidade xurídica desde a entrada en vigor da presente Lei e capacidade de obrar unha vez constituídos os seus órganos de goberno.

A Asociación Galega de Dietistas-Nutricionistas, designará unha Comisión Xestora, que actuará como órgano de goberno provisional do colexio, coas funcións establecidas na normativa transitoria desta Lei.

Na designación das persoas integrantes da Comisión Xestora procurarase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Disposición transitoria segunda. Comisión xestora

1. A Comisión xestora, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. Nos citados estatutos deberá regularse a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, da que formarán parte todos os profesionais que, conforme ó disposto na presente lei, poidan adquirir a condición de colexiados.

Disposición transitoria terceira. Asemblea constituínte e estatutos definitivos

1. A Asemblea Constituínte, no prazo de seis meses dende a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas, e elixirá ós membros dos órganos colexiais.

2. A convocatoria da asemblea constituínte deberá anunciarse, como mínimo, con vinte días de antelación no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior difusión de Galicia.

3. Os estatutos definitivos, logo de seren aprobados pola asemblea, presentaranse ante consellería competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, e publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira

Esta Lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.